

Manifesto A XERENCIA ÚNICA É UNHA AMEAZA PARA A ATENCIÓN PRIMARIA

A primeiros de marzo ven de poñerse en marcha na área sanitaria de Ferrol unha nova estrutura de xestión, de xeito que se crea a chamada “**xerencia única**” que asume a xestión unitaria de todos os recursos sanitarios do seu ámbito territorial, quedando suprimidas as xerencias de Atención Primaria e do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos. O decreto 15/2005 establece a nova estrutura directiva e determina que a dirección única da área sanitaria de Ferrol inclúe os actuais centros orzamentarios 1505 e 1008 (Atención Primaria e Hospital). O conselleiro xa manifestou que ten como obxectivo **estender este novo modelo de xestión a toda a comunidade autónoma** a medio prazo.

Sobre esta reestructuración do SERGAS na área de Ferrol as organización abaixo asinantes, que representan á gran maioría dos médicos de Atención Primaria de Galicia, queren manifestar o seguinte:

1. **Non existe ningunha experiencia previa adecuadamente avaliada** que permita predecir que este novo modelo vai mellorar a xestión e a eficiencia do sistema sanitario público.
2. **O modelo de Atención Primaria (AP) implantado en España nas últimas dúas décadas ten demostrado ofrecer claros beneficios para a saúde** das persoas e da comunidade. Sábese que un sistema sanitario público de boa calidade precisa dunha atención primaria “forte”, que dispoña de recursos e de persoal ben cualificado.
3. **O modelo de AP baseado nos Servicios de Atención Primaria está pouco desenvolvido en Galicia** e precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos e acadar un correcto funcionamento da súa Carteira de Servicios, actualmente subdesenvolvida.
4. Esta proposta de creación dun único centro de xestión condiciona de xeito negativo o futuro desenvolvemento da AP, de modo que perde autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos e queda **funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia**. De feito, no decreto 15/2005 establécese que existirá unha **Dirección de Urgencias e Procesos Ambulatorios**, “que se responsabilizará das consultas xerais, os PAC e as urgencias hospitalarias”: esa é a única parcela de xestión que se reserva ao que hoxe é a Xerencia de Atención Primaria. A estrutura organizativa que se establece neste decreto ven sendo unha transposición literal do organigrama hospitalario.
5. Esta xerencia única non vai na procura dunha mellora dos procesos asistenciais. A súa creación tampouco garantiza que a pretendida fractura entre Atención Primaria e Especializada sexa resolta. No actual estado de subdesenvolvemento da AP -en contra do que se di no preámbulo do decreto- a **Atención Primaria perde todo o control do proceso asistencial, e refórzase o “hospitalocentrismo”** que o modelo de AP pretende correxir.
6. A creación dun centro único de xestión, tremendamente centralizado na figura do Director de Área, xunto coa marxinación da Atención Primaria, vai favorecer, pola estrutura dos seus órganos de dirección, que os recursos deriven, aínda máis, cara os servicios hospitalarios, sempre necesitados de constantes melloras tecnolóxicas. Isto provocará, a

medio prazo, unha redución das inversións en Atención Primaria, o que provocará un definitivo frenazo do seu desenvolvemento, e **o deterioro da calidade na atención aos cidadáns** no primeiro nivel asistencial.

7. Este decreto desenvolve as liñas de actuación deseñadas no **decreto 14/2005, no que se establece a estrutura orgánica do SERGAS**. No mesmo, e baixo o argumento de procurar a continuidade da atención sanitaria, queda **suprimida a subdirección xeral de Atención Primaria** que existía no anterior organigrama. Deste xeito non se persigue superar a suposta separación entre atención primaria e especializada. O que se realiza é, sinxelamente, a anulación deste nivel asistencial, o que reportará notables perxuicios para os cidadáns e o sistema sanitario público a medio prazo.

Por todo o exposto, as organizacións asinantes deste escrito, solicitan:

1. **A derogación do decreto 15/2005, que establece a xerencia única na área sanitaria de Ferrol, que representa unha clara ameaza para o futuro da Atención Primaria en Galicia.**
2. **O reforzamento das inversións e da dotación nos Servicios de Atención Primaria da nosa comunidade.**
3. **O inicio dun proceso de debate que permita establecer medidas para potenciar o sistema sanitario público, sen poñer en risco os avances e melloras acadados ata o momento.**

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2005

Pablo Vaamonde García
Presidente da **AGAMFEC**
(Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria)

Isidoro Rivera Campos
Presidente de **SEMERGEN-Galicia**
(Sociedade Española de Medicina Rural e Xeneralista)

Manuel Martín García
Secretario da **FADSP**
(Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública)